



## **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **COMEDOR - ALMORZO**

O comedor do centro ofrece servizo de almorzo e xantar. A xestión do servizo de comedor é de competencia municipal e corre a cargo dunha empresa de comidas preparadas. A supervisión do seu funcionamento será exercida polo Consello Escolar do centro. A contratación da persoa encargada e do persoal auxiliar é competencia da empresa concesionaria.

Os servizos do comedor están subvencionados en parte pola Consellería e o Concello. A outra parte é aportado, ben polos usuarios, ou ben polo departamento de Servizos Sociais da Consellería de Benestar no caso de alumnado bolsreiro. O pago efectuarase mediante domiciliación bancaria poidendo recoller o impreso nas oficinas do centro ou no mesmo comedor.

O horario do servizo de almorzo é de 7:30 a 9:00 h, non permitindo a entrada a este servizo despois das 8:30 h. Este curso, o prezo do almorzo este curso é de 1,91 € persoa/día. Cada curso revísase para adaptalo.

O importe do servizo de xantar, este curso, foi fixado en 3,72 € por comensal e día. O alumnado pode disfrutar do servizo do comedor todos os días, en días fixos á semana ou en días esporádicos. Diariamente, os alumnos que queden a xantar apuntaranse na porta da súa clase. No caso do alumnado de Educación Infantil serán as familias quenes o deban comunicar, ou ben chamando ao centro, ou á súa titora. O horario do servizo de xantar é de 14:00 a 16:00.